

**POSIBLES IDEAS
PARA UNA HOMILÍA CON NENOS
3 xaneiro 2021**



Descobre o teu **AGASALLO** de **NADAL**

VER: Os agasallos de Reis

-Nadal é unha época de ilusión para nenos e maiores. Os máis afortunados reciben agasallos que lles deixa tanto Papá Noel como os Reis Magos.

Incluso os Reis ás veces acórdanse dos amigos: “pásate por casa que os Reis deixaron algo para ti”.

*Que tal te portaches? Que pediches aos Reis?
Terás carbóns, tal vez?*

2. XULGAR: O Agasallo do Nadal

-No evanxeo deste domingo S. Xoán, un estudoso de Deus, un teólogo explícanos que é o Nadal: cóntanos que Xesús, ao que chama o Verbo, era Deus.

“E o Verbo fíxose carne e habitou entre nós”. “O Verbo era a luz verdadeira, que aluma a todo home, que vén ao mundo”.

QUE NOS QUERE DICIR?

-A Igrexa **afonda este domingo** o que é o Nadal, o que significa para os cristiáns e para o mundo, o que sucedeu aquel día e que recordamos cada inverno, o que nos regalou Deus a todos os homes e mulleres do mundo.

-Deus, que existe desde sempre e nos quere tanto, **fíxose home nunha aldea**, nun presebe, todo un Deus poderoso faise un bebé indefenso. *Que grande agasallo a túa humildade!*

-Xesús quixo contarnos **o que nos quere Deus, o seu Pai**: creounos, cóidanos, perdóanos. *Que grande agasallo o teu amor!*

-Xesús quixo vivir entre nós, **ser o noso compañeiro**, o noso amigo, compartir a nosa vida. *Que grande agasallo a amizade!*

-Xesús quixo demostrarnos que tanto nos aprecia que é capaz de **dar a súa vida na cruz para salvarnos**. *Que grande agasallo a túa vida entregada!*

-Xesús quixo dicirnos que **El e a súa Palabra son a Luz** que nos guía cando andemos ás escuras. *Que grande agasallo a túa Palabra!*

Quen é o agasallo do Nadal? Por que? Que nos ensina?

3. ACTUAR: Grazas, Xesús, por ser o noso Agasallo

-Podemos facer en grupo ou en familia un momento de oración. Para iso colocamos o neno Xesús cunha luz (ou candeia) por detrás que o realce na escuridade e aos seus pés catro caixas, envolvidas en papel de agasallo.

-Lemos o evanxeo de hoxe ou Mt. 2,1-12 nuns evanxeos abertos xunto ao neno Xesús nesa páxina. Podemos dialogar: *que agasallos nos traes Xesús hoxe? Por que Xesús é un agasallo para min? Que agasallos vou ofrecerlle a Xesús? Que podo facer para acoller a Xesús na miña casa?*

- Podemos escoita a canción “Agora máis ca nunca” de Alejandro Abad, ou una panxoliña.

-Preparamos algunhas panxoliñas e vemos como e onde podemos cantalos.

Que vas facer? E en grupo?

LECTURAS:

. ECLESIAÍSTICO 24, 1-2. 8-12: *A sabedoría de Deus habitou no pobo escollido.*

A sabedoría fai a súa propia loanza, **atopa o seu honor en Deus e se gloria no medio do seu pobo**. Na asemblea do Altísimo abre a súa boca e glóriase ante o Poderoso.

«O Creador do universo deume unha orde, o que me creou estableceu a miña morada e díxome: *“Pon a túa tenda en Xacob, e fixa a túa herdade en Israel”*. Desde o principio, antes dos séculos, creoume, e nunca máis deixarei de existir.

Exercín o meu ministerio na Tenda santa diante del, e así establecínme en Sión. Na cidade amada atopei descanso, e en Xerusalén reside o meu poder.

Arraiguei nun pobo glorioso, na porción do Señor, na súa herdade».

Palabra do Señor.

- **SAL. 147:**

O Verbo fíxose carne e habitou entre nós.

- **EFESIOS 1, 3-6. 15-18: *El destinounos por medio de Xesucristo a ser os seus fillos.***

- **XOÁN 1, 1-5. 9-14 (Breve): *O Verbo fíxose carne e habiou entre nós.***

Narrador: No principio existía o Verbo, e o Verbo estaba xunto a Deus, e o Verbo era Deus.

El estaba no principio xunto a Deus. Por medio del fíxose todo, e sen el non se fixo nada de canto se fixo.

Nel estaba a vida, e a vida era a luz dos homes.

E a luz brilla na tebra, e a tebra non o recibiu.

O Verbo era a luz verdadeira, que aluma a todo home, vindo ao mundo.

No mundo estaba; o mundo fíxose por medio del, e o mundo non o coñeceu.

Veú á súa casa, e os seus non o recibiron. Pero a cantos o recibiron, deulles poder de ser fillos de Deus, aos que cren no seu nome.

Estes non naceron de sangue, nin de desexo de carne, nin de desexo de varón, senón que naceron de Deus.

E o Verbo fíxose carne e habitou entre nós, e contemplamos a súa gloria: gloria como do Unixénito do Pai, cheo de graza e de verdade.

Palabra do Señor.

(Narrador)